

ORDENANZA REGULADORA DE OBRAS E TRÁFICO EN ZONAS PEONÍS DE RIBADEO

CAPITULO PRIMEIRO: OBXECTO DA ORDENANZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Artigo 1.

A presente ordenanza regula as medidas de protección do pavimento, os usos do mesmo e o tráfico de vehículos nas rúas peonís de Ribadeo.

CAPITULO SEGUNDO. AS MEDIDAS DE PROTECCIÓN NAS OBRAS.

Artigo 2.

Serán de obrigado cumprimento as prescricións do presente capítulo para todas aquelas obras que se realicen nas rúas peonís do municipio de Ribadeo así como nas rúas adxacentes as indicadas e que sexa necesario utilizar para as obras realizadas nestas.

Artigo 3.

Seranlle de aplicación as medidas previstas na presente ordenanza as seguintes obras:

- Todas as que poidan provocar alteracións na pavimentación do viario.
- Obras de nova planta , rehabilitación ou consolidación.
- Obras de realización de infraestructuras que precisan a entrada de vehículos pesados de obras públicas.

Artigo. 4

Medidas preventivas:

Nas obras relacionadas no artigo anterior serán obrigatorias as seguintes medidas preventivas de protección:

- Acoutarase o lugar das obras con valado tupido u opaco que non permita ver no interior da obra ata unha altura de 2 mts. , e en todo o perímetro da mesma.
- Os valos de cerramento poderán ser de chapa de aceiro prelacada ou de malla con cortina tupida verde ou negra.
- Os acopios de materiais deberán realizarse no interior do recinto valado e cos elementos de contención necesarios para evitar molestias á veciñanza.
- As obras quedarán totalmente sinalizadas para evitar o acceso a elas de persoas alleas ás mesmas, de acordo ós regulamentos vixentes.

Artigo 5.

Medidas relacionadas cos vehículos de obras:

- Para o paso dos vehículos ás obras e co fin de que as rodas dos mesmos non circulen directamente sobre o pavimento, dispórase dende o acceso máis apropiado - determinado polo servizos técnicos municipais - ata o emprazamento das obras, placas metálicas de protección do pavimento que serán como mínimo de 1200 mm. x 1000 mm. x 10 mm. de espesura e que instalaranse en dúas liñas paralelas do seguinte modo:

As placas iran engarzadas unhas en outras con elementos de unión mediante parafusería ou soldadas mediante pletinas especiais, de maneira que quede garantido o seu funcionamento solidario e evítese o seu movemento.

Baixo as placas metálicas disporanse placas de porexpan u outro material semellante dunha espesura mínima de 30 mm. e de dimensión idénticas cas das placas metálicas.

Este sistema de placas poderá ser substituído so se así se autoriza o autoriza o Concello, polo sistema consistente na colocación de carrís de formigón sobre plástico encima do pavimento peonil.

Así mesmo poderá ser autorizado a substitución por placas de goma de características sinaladas pola oficina técnica municipal.

- Co fin de protexer o pavimento só poderán acceder á zona peonil os vehículos que o seu P.M.A. (Peso Máximo Autorizado) non supere as 24 Tm., polo que a carga dos mesmos deberá axustarse a ese máximo debendo facer portes se é necesario.
- Da mesma maneira só poderán utilizarse nas obras camións- plumas de P.M.A. de ata 20 Tm. có fin de non danar o pavimento.
- Cando se utilicen vehículos-gruas as patas e suxeición dos mesmos deberán calzarse axeitadamente mediante placas ou tacos especiais que repartan a carga uniformemente có fin de non fundir nin romper o solo nin o pavimento da zona peonil.

Artigo 6.

Medidas de carácter xeral:

- Na solicitude da licencia das obras indicarase razoadamente o prazo de execución das obras, a cal será engadido no cartel informativo que instalarase de forma visible na obra e no que se indicarán, ademais, os seguintes datos: N^o de licencia das obras; Constructor, Fecha comezo obras; prazo de execución.
- Non estará permitida a realización de traballos nas obras relacionadas no art.. 3 nin na entrada de maquinaria pesada ou de obras entre as 14:00 horas do sábado e as 24:00 horas do Domingo, así como en días festivos.
- Deberase manter o entorno das obras nunhas condicións adecuadas de decoro e limpeza.

Artigo 7.

Realización de acometidas e conexións dos servizos xerais.

- As acometidas e conexións ás redes xerais realizaranse segundo o disposto nas disposicións legais , regulamentarias e instrucións de servizo vixentes para cada tipo de servizo publico.
- No caso de rotura do pavimento como consecuencia das conexións ás redes ó responsable da obra e da rotura deberá repoñelo de maneira que quede nas mesmas condicións cas iniciais.
- Todos os edificios nos que se realice unha obra nova de rehabilitación ou consolidación adaptaranse ás infraestructuras subterráneas, de tal maneira que non se permitira a conexión de ningún servizo de forma aérea.

- As edificacións deberan adaptarse ós servicios existentes instalados na medida do posible, a fin de non ter que realizar grandes obras de conexión ou acometida que destrúan o pavimento.

Artigo 8.

Obras realizadas polas empresas de subministros:

As empresas subministradoras que teñan que realizar obras axustáranse ó disposto na presente ordenanza en canto a medidas preventivas ou xerais, excepto cando se trate de obras de escasa envergadura, neste caso os servicios técnicos municipais determinarán outras medidas.

CAPÍTULO TERCEIRO. O TRÁFICO E O ACCESO RODADO ÁS ZONAS PEONÍS.

Artigo 9.

Nas rúas, prazas e espazos públicos en xeral nos que o concello estableza o uso peonil non estará permitido o tráfico rodado de vehículos a motor permitíndose só o paso de peóns, cás excepcións que se establecen na presente ordenanza.

Artigo 10.

Só poderán circular polas rúas peonís os vehículos a motor nos supostos excepcionais seguintes:

- Vehículos do servicio de extinción de incendios e salvamento, os de Policía, Garda Civil, as Ambulancias, empresas de limpeza viaria e recollida do lixo e outros servicios públicos previamente autorizados e acreditados para o efecto.
- Os turismos, ciclomotores e en xeral vehículos a motor que o seu P.M.A. non supere os 3500 Kg. e que teñan que circular obrigatoriamente polas zonas peonís có fin de acceder a garaxes ou para carga e descarga, nunca para estacionar o vehículo.
- Os vehículos de empresas subministradoras que o seu P.M.A. non supere os 3.500 Kg. O resto deberan levar a cabo os subministros por outros medios como carretas u outros medios manuais ou de calquera tipo, sen que se permita a entrada dos vehículos.
- Para carga e descarga para os hoteis e establecementos análogos enclavados nas zonas peonís, sen limitación de horario.
- No horario xeral de carga e descarga os vehículos que non superen os 3.500 kgs., realizándose as operacións entre as 8 horas da mañá e as 11 horas e entre as 15,30 e 17,30 horas. As labouras deberán efectuarse con persoal dabondo para terminalas o mais rapidamente posible, sendo o límite de tempo autorizado para cada operación, con carácter xeral de 15 minutos.
Fora deste horario poderá realizarse unicamente por titulares de tarxeta de acceso ou con autorización expresa da Policía Local.
- Excepcionalmente aqueles vehículos expresamente autorizados por Resolución da Alcaldía ou Concellería Delegada, ou autorizados pola Policía Local.

Artigo 11.

Para poder levar a cabo o acceso rodado excepcional vehículos a que se refire o artigo anterior deberá obterse Autorización de Acceso Rodado Excepcional do Concello (Tarxeta), a cal se outorgará ás seguintes persoas:

- a) Aquelas que sexan propietarias de vehículos a motor dos comprendidos no artigo anterior e residentes na zoa peonil, as cales obterán tantas autorizacións específicas

para acceso rodado excepcional á zona como vehículos posúan o seu nome. No momento da entrada en vigor da presente ordenanza as autorizacións específicas serán concedidas inicialmente de oficio polo Concello a todas as persoas que reúnan os requisitos e por todos os vehículos da súa propiedade que reúnan as características previstas na presente ordenanza. As necesidades de acceso que se produzan con posterioridade e no sucesivo deberán ser solicitadas polos interesados para a súa concesión.

- b) Aquelas que sen ser propietarios de vehículos residan na zona, nese caso obterán unha autorización xenérica para o acceso rodado excepcional á zona co fin de que os seus familiares ou persoas ás que elas autoricen poidan acceder á zona con vehículos có fin de levar a cabo carga e descarga ou acceder a garaxes. Ditas autorizacións só poderán ser concedidas previa solicitude e a petición do interesado, non podendo estacionarse en ningún lugar da zona establecida como peonil.

Enténdese autorizado o acceso de vehículos de residentes na dita zona que aínda sen dispor de praza de garaxe transporten enfermos, persoas impedidas, maletas, bultos ou equipaxes de peso ou volume considerable, permitíndose unicamente a súa parada fronte ó domicilio.

- c) Vehículos lixeiros de persoas que acrediten ter establecemento na zona e debidamente autorizados co obxecto de efectuar operacións de carga e descarga de mercadorías, permitíndose o estacionamento polo tempo estrictamente necesario para realiza-las ditas tarefas dentro do horario comprendido entre as 8 e as 11 h.e as 15,30 e 17,30 horas.

Fora dos supostos contemplados os vehículos estacionados ou parados en zona peonil seralles de aplicación o disposto na regulación xeral de tráfico e especificamente nesta Ordenanza, cursándose fronte ós mesmos a denuncia correspondente.

As motocicletas e ciclomotores dos non residentes non poderán circular nin estacionar nas zonas peonís. Os accesos destes vehículos a dita zona faranse camiñando, sen ocupa-lo asento e co motor parado. Queda igualmente prohibida de xeito expreso a circulación de monopatíns polas zonas peonís.

Non se autoriza a circulación de bicicletas e patíns por estas zonas, debendo ser levadas da man dos usuarios.

O acceso rodado excepcional á zona peonil dos vehículos autorizados só poderá facerse por aquelas rúas e zonas que o Concello estableza en cada momento, da mesma maneira sinalizárase debidamente as entradas e saídas permitidas na zona e os sentidos de circulación dentro da mesma, así como o resto de sinais de tráfico.

Na entrada e saída das zonas peonís a autoridade municipal poderá utilizar de se-lo caso elementos móbiles que impidan o acceso e a circulación de vehículos no interior de ditas zonas.

Artigo 12.

O concello establecerá un Rexistro de Autorizacións de Acceso Rodado Excepcional no que se farán constar todos os datos das persoas autorizadas e no caso das autorizacións específicas tamén dos vehículos para os cales se outorguen as mesmas.

Os titulares das autorizacións estarán obrigados a comunicar o Concello cantas modificacións, incidencias, cambios de vehículo ou de calquera circunstancia que se produzan e poidan afectar á autorización ou os datos contidos na mesma.

Artigo 13.

Para a obtención da tarxeta para uso de vehículos na zona peonil deberá presentarse solicitude no Concello no impreso normalizado que a tal fin se facilitará, acompañando a seguinte documentación:

Xeral para residentes:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do permiso de Circulación do vehículo
- Certificado de empadramento

O domicilio que figure na documentación anterior ten que ser coincidente entre si e co lugar para o que se solicita a tarxeta de residente que autoriza o acceso en zona peonil.

Específica para residente con praza de garaxe:

Ademais da documentación anterior deberán xuntar documentación que acredite a titularidade ou o arrendo da praza de garaxe na zona.

Usuarios con praza de garaxe na zona:

- Fotocopia DNI
- Fotocopia do permiso de Circulación do vehículo.
- Documentación que acredite a titularidade ou arrendo da praza de garaxe en zona peonil.

O domicilio que conste na documentación anterior non ten por que ser coincidente coa zona peonil onde ten a praza de garaxe como usuario.

Comerciantes da zona peonil:

- Fotocopia DNI
- Fotocopia do permiso de Circulación do vehículo.
- Documentación que acredite ter negocio establecido na zona.

A tarxeta que autoriza o acceso de vehículos á zona peonil colocarse na parte superior central do cristal dianteiro do vehículo, de forma visible.
Para o caso de extravió ou cambio de tarxeta deberá aboarse o importe da confección da mesma.

1. As tarxetas serán o instrumento de paso correspondente ás autorizacións e entregáranse ós titulares das autorizacións nas seguintes cantidades.
 - Ós titulares das autorizacións específicas entregaranse unha tarxeta por cada vehículo que o titular teña en propiedade.
 - Ós titulares das autorizacións xenéricas entregarase unha única tarxeta por autorización, agás establecementos de hostalería e comercio que poderán ter ata tres.
2. As tarxetas, no seu caso, poderán ser controladas, adscritas ás autorizacións e ós vehículos, numerados e rexistrados debidamente polo Concello polos medios técnicos oportunos.
3. A expedición e entrega inicial de cada tarxeta será gratuíta, pero a reposición por perda ou deterioro estará suxeita ó pago da correspondente taxa da acordo có que estableza na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 14.

Todo conductor de vehículos debidamente autorizado que circule pola zona peonil deberá outorgar sempre prioridade de paso ós peóns que transiten por aquela, acomodando a súa velocidade á de paseo dos peóns, sen poder exceder en ningún caso de 10 Kms./h., agás

que se trate de vehículos de Policía ou Garda Civil, extinción de incendios, asistencia sanitaria, Protección Civil e Salvamento e circulen en servicio de urxencia coa sinalización correspondente.

Artigo 15.

Terá o carácter de infracción as accións ou omisións contrarias ó disposto na presente Ordenanza. Para a imposición de sancións terase en conta o seguinte procedemento:

- a) Se a infracción está tipificada na lexislación sectorial ou existe coincidencia de tipos coas do presente Regulamento aplicarase o procedemento sancionador que naquela se determine.
- b) Se a infracción está prevista unicamente na presente Ordenanza aplicarase o procedemento previsto nos artigos 11 e seguintes do RD 1398/93, do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, en consonancia co disposto nos artigos 127 e SS. Da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

A imposición de sancións efectuarase aplicando as seguintes regras:

1. Se a infracción está prevista na lexislación sectorial aplicaranse as sancións previstas nela.
2. As infraccións por incumprimento das disposicións desta Ordenanza non expresamente tipificadas na lexislación sectorial sancionaranse de conformidade co establecido no artigo 59 do TR das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por R. D.L. 781/1986, de 18 de abril.

Artigo 16.

Establecese nesta Ordenanza a declaración como peonís das seguintes rúas:

- Villafranca do Bierzo
- Rodríguez Murias
- Reinante
- Tramo Viejo Pancho dende cruce con Pasarón y Lastra
- San Francisco

En tanto non se inclúan nesta Ordenanza novas rúas que se peonalizen por resolución da Alcaldía poderá establecerse a ampliación da peonalización que se establece sen prexuízo de que deban recollerse nesta Ordenanza.

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor coa aprobación definitiva o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

O presente entrará en vigor a partir do día seguinte ó da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo de 15 días a que fai referencia o artigo 65 da Lei 7/1985.

Ribadeo, 18 de maio de 2006.
O Alcalde,

Asdo. BALBINO E. PÉREZ VACAS.